










(O\_MED\_15)

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA LIMPEZA DE TERREOS,  
DISTANCIA DAS PLANTACIÓNS E XESTIÓN DA BIOMASA FORESTAL DO  
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha

SIMBOLOXÍA

-  No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.
-  Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.
-  Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.
-  Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento
- 
[soporte@monfortedelemos.es](mailto:soporte@monfortedelemos.es)

[www.monfortedelemos.es](http://www.monfortedelemos.es)

<https://sede.monfortedelemos.es>  
 Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

## INDICE

<b>EXPOSICIÓN DE MOTIVOS</b>	<b>3</b>
<b>CAPITULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS</b>	<b>3</b>
Artigo -1- Fundamento	3
Artigo -2- Finalidade	3
Artigo -3- Ámbito de aplicación	3
Artigo -4- Definicións	3
<b>CAPITULO II - DA LIMPEZA DE TERREOS E SOLARES E XESTIÓN DA BIOMASA</b>	<b>3</b>
Artigo -5- Limpeza de terreos	3
Artigo -6- Actuacións de xestión da biomasa	4
Artigo -7- Distancias nas repoboacións forestais	4
Artigo -8- Plantación en medianeira ou lindeiros	4
Artigo -9- Execución subsidiaria	4
<b>CAPITULO III – LICENCIA E PERMISO DE TALAS</b>	<b>5</b>
Artigo -10- Talas e abatementos	5
Artigo -11- Realización de tarefas extractivas	5
Artigo -12- Control	6
<b>CAPITULO IV – REXIME SANCIONADOR</b>	<b>6</b>
Artigo -13- Competencia	6
Artigo -14- Clasificación das infraccións	6
Artigo -15- Infraccións leves	6
Artigo -16- Infraccións graves	6
Artigo -17- Infraccións moi graves	7
Artigo -18- Sancións	7
Disposición adicional primeira	7
Disposición adicional segunda	7
Disposición Transitoria	7
Disposición derogatoria	7
Disposición derradeira	7
<b>ANEXO I - RELACIÓN DE ESPECIES</b>	<b>8</b>
<b>ANEXO II - DISTANCIAS DE PLANTACIÓN</b>	<b>8</b>

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De conformidade coa potestade regulamentaria atribuída polos artigos 4.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora do Réxime Local e 6.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, o Concello de Monforte de Lemos por medio da presente ordenanza propónse regular a limpeza de terreos e, no ámbito da súas competencias, a distancia das plantacións, corta de arborado e a xestión da biomasa forestal, co obxecto de conseguir as axeitadas condicións de salubridade e de previr e evitar no posible os incendios forestais.

## CAPITULO I - DISPOSICIÓNS XERAIS

### Artigo -1- Fundamento

A presente ordenanza é de aplicación no marco do disposto na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, 3/2007, de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais de Galicia e Decreto 105/2006, de 22 de xuño polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, e tamén na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e Decreto 28/1999, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística.

### Artigo -2- Finalidade

Esta ordenanza, que ten natureza de ordenanza non fiscal, ten por finalidade establecer as condicións para levar adiante a limpeza, fixación da distancia para plantacións e xestión integral da biomasa nos terreos clasificados como urbanos, de núcleo rural ou urbanizables delimitados sitios no termo municipal de Monforte de Lemos, así como nos terreos situados nunha franxa de 50 metros arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais, que estean a menos de 400 metros do monte.

### Artigo -3- Ámbito de aplicación

A presente ordenanza é de obrigado cumprimento para todas as persoas, tanto físicas como xurídicas, que teñan os seus terreos dentro do termo municipal de Monforte de Lemos.

Conforme ao disposto no artigo 4.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, a presente ordenanza será de aplicación en todo o non previsto pola normativa de ámbito superior.

### Artigo -4- Definicións

Para os efectos desta ordenanza terán a consideración de solo urbano os terreos que o planeamento urbanístico (Plan Xeral de Ordenación Municipal) definira e clasificara como tal en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 9/2002.

Terán a consideración de núcleos rurais aqueles terreos que se inclúan dentro dos núcleos rurais delimitados no planeamento municipal, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei 9/2002.

Terán a consideración de solo urbanizable delimitado os terreos que non tendo a condición de solo urbano, de núcleo rural nin de solo rústico, o planeamento urbanístico definira ou clasificara como tal ao poder ser obxecto de transformación urbanística nos termos fixados pola antedita Lei 9/2002.

Enténdese por xestión da biomasa a eliminación parcial ou total da vexetación accesoria sita no terreos regulados na presente ordenanza.

## CAPITULO II - DA LIMPEZA DE TERREOS E SOLARES E XESTIÓN DA BIOMASA

### Artigo -5- Limpeza de terreos

Os propietarios e/ou arrendadores de fincas incluídas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural, teñen a obriga de mantelas limpas e rozadas de todo tipo de vexetación e nas debidas condicións de seguridade e salubridade, debendo proceder á súa desinfección e desratización periódica.

## Artigo -6- Actuacións de xestión da biomasa

De acordo co disposto na Lei 3/2007 os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos situados en solo urbano, urbanizable delimitado ou núcleo rural, que estean a menos de 50 metros do perímetro do monte deberán mantelos limpos e rozados de vexetación de acordo cos bandos e instrucións ditados pola Alcaldía, e en todo caso antes do 30 de xuño de cada ano.

Esta mesma abriga terán os propietarios ou titulares do dereito de aproveitamento sobre os terreos situados nunha franxa de 50 metros arredor de edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalación industriais, que estean a menos de 400 metros do monte.

Ademais nos primeiros 30 metros dende o límite da propiedade non poderá haber especies das sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, agás se trate de árbores singulares, illadas ou que cumpran funcións ornamentais e de árbores froiteiras.

## Artigo -7- Distancias nas repoboacións forestais

De conformidade co disposto na Lei 7/2012, de Montes, quedan prohibidas as repoboacións forestais nos terreos clasificados como solo urbano, urbanizable delimitado e de núcleo rural.

De ser o caso as repoboacións forestais deberán gardar, respecto das edificacións, vivendas illadas, pozos, mananciais e instalacións industriais, as distancia mínimas de 15 metros cando se trate de especies frondosas (recollidas no Anexo 1 desta ordenanza) e de 30 metros no resto de especies.

## Artigo -8- Plantación en medianeira ou lindeiros

Ao realizar unha nova plantación nas proximidades de paredes medianeiras ou lindeiros, respectaranse as seguintes distancias mínimas:

- As árbores e arbustos de 2 o máis metros de altura situaranse a unha distancia mínima de 3 metros do linde.
- Os arbustos de menos de 2 metros de altura situaranse a unha distancia mínima de 1 metro do linde.
- No suposto de que se pretenda realizar unha pantalla ou barreira vexetal xunto ao límite da propiedade, as distancias sinaladas nos puntos a) e b) anteriores poderán reducirse ata un mínimo de 0,5 metros.

Neste caso, as pantallas ou barreiras vexetais deberán manterse a unha altura máxima de 2 metros.

Unicamente poderán utilizarse as especies adecuadas para esta finalidade (ligustro, loureiro, buxo, photinia. ...) e, en ningún caso, se plantarán especies que ao crecer puidesen causar coas súas raíces estragos nas paredes ou no solo.

Os propietarios destas plantacións deberán mantelas en todo momento en bo estado de conservación, ornato e limpeza e tamén deberán ser obxecto de podas para manter o seu porte así como, cando sexa necesario, contrarrestar o ataque de enfermidades ou cando exista perigo de caída de ramas ou contacto con infraestruturas ou instalacións dos diferentes servizos públicos.

## Artigo -9- Execución subsidiaria

Se os propietarios, titulares dos dereitos de aproveitamento dos terreos ou arrendadores non realizan os traballos de roza de vexetación e/ou de limpeza nos prazos fixados polo concello, este poderá levar adiante os mesmos, logo de apercibir previamente en forma e sen prexuízo da imposición, despois de tramitar o oportuno expediente, das sancións procedentes.

Os custos derivados deses traballos serán repercutidos, se é o caso, aos propietarios, titulares dos aproveitamentos dos terreos ou arrendadores, procedendo, de ser o caso, ao cobro dos gastos que se ocasionen ao concello a través do procedemento executivo de prema.

## CAPITULO III – LICENCIA E PERMISO DE TALAS

### Artigo -10- Talas e abatementos

As talas e os abatementos de árbores que constitúan masa arbórea, espazo boscoso, arborada ou parque, a excepción das autorizadas en solo rústico ou urbanizable non programado polos órganos competentes da Comunidade Autónoma en materia forestal, estarán suxeitas á obtención con carácter previo da autorización municipal por parte deste concello.

### Artigo -11- Realización de tarefas extractivas

#### 11.1 Obrigatoriedade da comunicación previa da tala

Para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións establecidos, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da tala de plantacións forestais cando superen as 5 toneladas ou procedan dunha superficie superior a 500 m<sup>2</sup>.

A comunicación da corta será efectuada pola persoa física ou xurídica responsábel da mesma, como mínimo 15 días antes da data prevista para o comezo dos traballos debendo constar nela o seguinte:

- Identificación do propietario e madeireiro.
- Especie de madeira obxecto da tala así como Tm a extraer.
- Nome do monte afectado e identificación en plano.
- Lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira.
- Deberase achegar ademais copia do permiso de corta expedido pola autoridade competente.

#### 11.2 Responsable da tala

A persoa encargada da tala será responsable directa dos danos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación destes, incluso con limpeza e retirada de residuos.

#### 11.3 Almacenamento, limpeza e sinalización

As vías públicas non poderán usarse para almacén de madeira, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga; en todo caso, as cunetas quedarán no estado que tiñan antes da tala.

As limpeza e reparacións deberanse realizar nun prazo de 48 horas, a partir da retirada da madeira, ou en 48 horas cando coincida en fin de semana.

As vías situadas na zona de extracción e depósito deberán estar debidamente sinalizadas, conforme á lexislación viaria vixente, e vixiadas co fin de previr aos usuarios destas da realización da actividade e dos riscos derivados dela.

#### 11.4 Restos de tala

Os restos ou depósitos de materiais procedentes de tala, poda ou entresaca, non poderán invadir as vías, tanto na zona de circulación de vehículos como de peóns, nin menoscabar a funcionalidade das gabias, canalizacións, pontes ou calquera outro tipo de canle ou paso de auga, como de calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ás vías, nin supoñer risco para os usuarios da vía.

#### 11.5 Retirada de restos

Igualmente, a persoa física ou xurídica que figure como titular na solicitude de autorización de corta estará obrigada a retirar da zona de extracción e xestionar de acordo coa normativa vixente en materia de residuos todo o lixo que puidese xerarse durante a actividade (latas combustible, recipientes de bebidas, etc.).

#### 11.6 Obrigatoriedade de fianza

A persoa responsábel da tala establecerá unha fianza a favor do concello para o obxecto de responder de posibles danos non reparados voluntariamente, na contía fixada polo servizo técnico municipal.

## 11.7 Fianzas

- Os responsables do aproveitamento presentarán, antes de comezar os traballos, os xustificantes de ter depositada a fianza, por calquera dos procedementos establecidos pola lexislación vixente, polos importes indicados no punto seguinte, para responder do arranxo dos danos que puidesen producir nas vías e a limpeza dos restos das operacións de depósito e carga de madeira.
- Para os efectos da fixación de fianzas, estableceranse catro categorías, en función do volume do aproveitamento:
  - Volume de corta inferior a 300 m<sup>3</sup>: 1500 €.
  - Volume de corta entre 301 m<sup>3</sup> e 1500 m<sup>3</sup>: 2500 €
  - Volume de corta entre 1501 m<sup>3</sup> e 3000 m<sup>3</sup>: 3500 €
  - Volume de corta superior a 3000 m<sup>3</sup>: 6000 €
- Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, unha vez que os servizos municipais comprobasen a inexistencia de danos nas vías e infraestruturas de titularidade municipal.

## Artigo -12- Control

O Concello, a través da Concellería de Medio Ambiente, supervisará o cumprimento das actividades.

## CAPITULO IV – REXIME SANCIONADOR

### Artigo -13- Competencia

Corresponde ao Concello de Monforte de Lemos a través da Alcaldía ou Concelleiro/a en que delegue, a inspección e sanción das infraccións, despois da instrución do correspondente expediente, das obrigas reguladas nesta ordenanza. Cando se detecten infraccións de índole penal ou de competencia doutras Administracións darase conta inmediata das mesmas ao organismo que corresponda ou xurisdición competente.

### Artigo -14- Clasificación das infraccións

Considéranse infraccións administrativas en relación coas materias ás que se refire esta Ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o establecido nas normas que integran o seu contido.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

### Artigo -15- Infraccións leves

- Non proceder á limpeza e roza dos terreos e franxas de xestión da biomasa sinaladas nesta Ordenanza unha vez transcorrido o prazo sinalado polo Concello.
- Non realizar comunicación previa da tala de plantacións forestais cando superen as 5 toneladas ou procedan dunha superficie superior a 500 m<sup>2</sup>.
- Non cumprir as ordes específicas ditadas polo concello.

### Artigo -16- Infraccións graves

- Non proceder á roza e limpeza dos terreos unha vez notificada a súa obriga e cando haxa risco inminente de incendio para as vivendas e persoas.
- Non permitir o acceso ao persoal de vixilancia á inspección dos terreos.
- A negativa a subministrar información á autoridade municipal, funcionarios e axentes en cumprimento das súas funcións.
- A realización de plantacións sen gardar as distancias establecidas na presente ordenanza.
- A realización de plantacións nos lugares expresamente prohibidos na presente ordenanza.

- f) Non arranxar os danos ocasionados pola saca da madeira.
- g) A reincidencia en infraccións leves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción leve cando así fose declarado por resolución firme.

## Artigo -17- Infraccións moi graves

---

- a) Cando houberse grave repercusión negativa ou deterioración nos recursos naturais.
- b) A reincidencia en infraccións graves. Enténdese que existe reincidencia pola comisión no termo dun ano dunha infracción grave cando así fose declarado por resolución firme
- c) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes.

## Artigo -18- Sancións

---

1. As sancións aplicables serán as seguintes:
  - a) Por infraccións leves, multa dende 100,00 a 750,00 euros.
  - b) Por infraccións graves, multa dende 751,00 a 1.500,00 euros.
  - c) Por infraccións moi graves, multa de 1.501,00 a 3.000,00 euros.
2. As sancións graduaranse en función dos seguintes criterios:
  - Grao de intencionalidade.
  - Contía do beneficio obtido.
  - Natureza dos prexuízos causados

## Disposición adicional primeira

---

Como Anexo I a esta ordenanza inclúense a relación de especies de frondosas e como Anexo II as distancias de plantación.

## Disposición adicional segunda

---

O disposto nesta ordenanza aplicarase sen prexuízo do disposto na lei 3/2007 de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os incendios Forestais de Galicia.

## Disposición Transitoria

---

As plantacións de árbores existentes á entrada en vigor da presente ordenanza que, como consecuencia da súa aplicación, se atopen a unha distancia menor á regulada no seu artigo 8, disporán dun período máximo de cinco anos para adaptarse á citada disposición.

## Disposición derogatoria

---

Queda derogada a “Ordenanza reguladora para realizar plantacións de árbores forestais e froiteiras e traballos de explotación forestal, con respecto á conservación do uso dos terreos lindantes e á prevención contra incendios forestais”, e cantas disposicións municipais se opoñan ao establecido na presente Ordenanza.

## Disposición derradeira

---

A presente Ordenanza entrará en vigor no día da súa publicación na Boletín Oficial da Provincia.

## ANEXO I - RELACIÓN DE ESPECIES

Ameneiro, pradairo, bidueiro, freixo, castiñeiro, cerdeira, carballo, cerquiño, sobreira, carballo albar, aciñeira, abeleira, faia, umeiro, loureiro, sorbeira do monte, cancereixo, nogueira e érbedo.

## ANEXO II - DISTANCIAS DE PLANTACIÓN

As novas plantacións forestais deberán gardar as seguintes distancias estipuladas la lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia

- a. Con parcelas forestais, 2 metros.
- b. Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria, 10 metros.
- c. Con zonas dedicadas a labrado, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria, 4 metros cando se empreguen as especies frondosas, 10 metros no resto de especies.
- d. Dende o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril, 4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, 10 metros no resto de especies.
- e. Con pistas forestais principais, 2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo I, 4 metros no resto de especies.
- f. Dende a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica, 5 metros para todas as especies
- g. Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo, 5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, 15 metros no resto de especies, contados dende o dominio público. Non será aplicable en actuacións de recuperación ambiental.
- h. Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural e con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado, 15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo I, 30 metros no resto de especies.
- i. Con cámpings, gasoleiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento, 25 metros para especies de frondosas do anexo I, 50 metros para o resto de especies.